

ANEXO II

DECLARACIÓN DOUTRAS AXUDAS

Don/Dona _____, alcalde/sa presidente/a do concello de _____, solicitante da axuda da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza para a contratación temporal de auxiliares de policía local na tempada de verán; e en relación a outras axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para un mesmo proxecto, das distintas administracións públicas competentes ou das súas entidades vinculadas ou dependentes,

DECLARO, BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE:Axudas concedidas:

- Non se me concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto.
- Si se me concedeu axuda para este mesmo proxecto.

Tipo de axuda _____ Data da resolución ____/____/____

Axudas solicitadas:

- Non solicitei ningunha outra axuda para este mesmo proxecto.
- Si solicitei axuda para este mesmo proxecto.

Tipo de axuda _____ Data da solicitude ____/____/____

Lugar e data:

_____, ____ de _____ de _____

Sinatura e selo

Orde do 14 de febreiro de 2006 pola que se anuncian axudas económicas destinadas a subvencionar a realización de obras e equipamentos por parte das entidades locais de Galicia.

A Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia establece a obrigatoriedade de prestación de determinados servizos públicos polas entidades locais.

Así mesmo, a devandita lei dispón que as funcións de coordinación e axuda desta comunidade autónoma

se dirixirán preferentemente a acadar o obxectivo da prestación homoxénea dos ditos servizos.

Por esta razón, a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza pretende colaborar coas entidades locais na mellora da calidade de vida local, regulando por medio desta orde, os requisitos e o procedemento que se seguirá para a concesión de axudas económicas destinadas á realización de obras e equipamentos locais, necesarios para a prestación dos servizos públicos aos que se refiren os artigos 80 e 81 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia.

Así, o Decreto 578/2005, do 29 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, atribúelle á Dirección Xeral de Administración Local as relacións coas corporacións locais, así como as convocatorias e propostas de adxudicación de axudas e subvencións ás entidades locais que sexan competencia desa dirección xeral, por todo isto,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-Obxecto e beneficiarios.

1. Pola presente orde establécense as bases para concederlles subvencións en réxime de concorrencia competitiva ás entidades locais de Galicia, destinadas á realización das obras e equipamentos locais (bens non consumibles) que sexan necesarios para a prestación dos servizos públicos aos que se refiren os artigos 80 e 81 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia.

2. Poderán ser beneficiarios desta subvención aquelas entidades locais de Galicia que teñan menos de 30.000 habitantes, de acordo cos datos do derradeiro padrón de habitantes.

Artigo 2º.-Crédito.

Estas subvencións faranse efectivas con cargo á aplicación orzamentaria 06.08.760.2, programa 123.C, ata unha contía máxima de seiscientos mil euros (600.000 €), correspondente aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o 2006.

A axuda económica que se conceda poderá financiar como máximo ata o 80% do orzamento da obra ou equipamento que se vai realizar.

Artigo 3º.-Iniciación.

1. Os que desexen acollerse aos beneficios desta orde elevarán petición, por medio de instancia dirixida ao conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, segundo modelo que figura como anexo I desta orde, podendo presentar esta no rexistro xeral da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, no das delegacións provinciais, ou por calquera outro dos medios a que se refire o artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, no prazo dun mes, contado a partir do seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

Igualmente, as entidades interesadas e que teñan asinado o correspondente convenio de colaboración para a implantación do Portal dos Concellos Eido Local, poderán presentar as súas solicitudes a través de medios telemáticos, manifestando esta opción de forma expresa na súa solicitude, cando cubran os modelos normalizados que se poñen á disposición dos interesados no Portal dos Concellos Eido Local

(<http://www.eidolocal.es>), segundo o procedemento que se recolle nas instrucións dispoñibles nesta web e no mesmo prazo que o estipulado para a tramitación ordinaria.

Así mesmo, e de acordo co artigo 5 do Decreto 200/2003, de creación do Rexistro Telemático da Xunta de Galicia, os modelos normalizados para a presentación de solicitudes por vía telemática estarán igualmente dispoñibles no enderezo <http://www.xunta.es/servizos>, de xeito que todos os interesados poderán presentar, igualmente, as súas solicitudes vía Internet a través desta web, se ben o resto da tramitación transcorrerá pola vía ordinaria.

2. A entidade local peticionaria xuntaralle á solicitude a seguinte documentación:

a) Certificación do acordo da entidade local pola que se aproban as obras ou equipamentos que se van realizar e se aceptan as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos nesta orde.

b) Memoria xustificativa da necesidade das obras ou equipamentos para as que se solicita subvención, con expresión da fase, se é o caso, á que corresponda.

c) Memoria da obra ou equipamento que se vai realizar. No caso de obra deberá acompañarse dun proxecto técnico e dun informe de viabilidade del, asinado polo técnico municipal.

d) Orzamento detallado da actuación para a que se solicita subvención.

e) Certificación do secretario da entidade local referida ao esforzo fiscal do concello (capítulos I a III do estado de ingresos) determinando a recadación neta por habitante, segundo o derradeiro padrón aprobado (€/habitante), en relación ao derradeiro orzamento liquidado.

f) Declaración de conxunto de todas as solicitudes efectuadas ou concedidas, para un mesmo proxecto ou actividade, das distintas administracións públicas competentes ou outros entes públicos (anexo III desta orde).

Se algunha documentación das solicitadas neste artigo xa constara en poder da Dirección Xeral de Administración Local desta consellería, e non se producise desde o momento en que foron presentadas variación que afectase ao contido ou á vixencia desta, non será necesario achegalas novamente, sen prexuízo de que esta dirección xeral reclame do solicitante a documentación que, se é o caso, estime oportuna.

O defecto na solicitude seralles notificado aos interesados pola Dirección Xeral de Administración Local e daráselles un prazo de dez días para emendar os erros ou omisións. Transcorrido o dito prazo, se non se producise a dita emenda, as peticións serán arquivadas conforme o disposto na Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

En todo caso, a tramitación e adxudicación das obras ou equipamentos será realizada polas entidades beneficiarias conforme a súa propia normativa, dándolle conta deste acto á Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

Artigo 4º.-Instrución e resolución.

Recibidas as solicitudes de subvención e a súa documentación, serán analizadas por unha comisión de valoración presidida pola directora xeral de Administración local e da que formarán parte o subdirector xeral de Xestión, Cooperación e Réxime Xurídico e as delegadas provinciais da consellería. Actuará como secretario un funcionario da Dirección Xeral de Administración Local con nivel mínimo de xefe de servizo.

Unha vez elaborada a correspondente proposta mediante acta motivada, elevarase á directora xeral, quen elevará proposta ao conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, quen resolverá.

Artigo 5º.-Criterios de avaliación.

Na valoración das solicitudes presentadas polas entidades locais teranse en conta os seguintes aspectos; valorándose de acordo coas seguintes porcentaxes:

* Porcentaxe de financiamento, respecto ao orzamento total das actuacións, que sería asumido por organismos distintos á propia consellería, incluídas as cantidades que, excedendo do 20% previsto nesta orde, achegue o propio concello: 40%.

* Necesidade das actuacións solicitadas, en relación coa situación actual do concello: 20%.

* Valoración do esforzo fiscal do concello, de acordo co solicitado no artigo 3º.2 desta orde: 30%.

* Actuacións tendentes a lograr a accesibilidade e a supresión de barreiras, así como a mellora das condicións de seguridade e a hixiene nas que o cadro de persoal da entidade local desenvolva o seu traballo: 10%.

Artigo 6º.-Notificación.

1. A resolución notificaráselles a todos os beneficiarios da subvención, na forma prevista no artigo 59 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Conforme o disposto no artigo 44.1º da Lei 30/1992, modificado pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de non notificarse resolución no prazo de seis meses contados desde a publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*, os interesados poderán entender desestimadas as súas solicitudes por silencio administrativo. Todo iso sen prexuízo do establecido nos artigos 42 e 43 da devandita lei.

2. Contra esta resolución, os interesados poderán interpoñer recurso potestativo de reposición perante o conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza no prazo dun mes contado a partir

do día seguinte ao da súa notificación, segundo o disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 4/1999, de modificación da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

3. As subvencións concedidas publicaranse no *Diario Oficial de Galicia* con expresión da convocatoria, do programa e o crédito orzamentario a que se imputen, do beneficiario, da cantidade concedida e da finalidade ou finalidades da subvención.

4. Así mesmo, o órgano competente para a concesión destas axudas poderá acordar a modificación da resolución por instancia do beneficiario, debendo cumprirse, en todo caso, os requisitos recollidos no artigo 12.2º, do Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 7º.-Aceptación.

1. O presidente da entidade local beneficiaria disporá dun prazo de quince días, contados a partir da recepción da resolución para comunicar a aceptación das condicións contidas nela.

2. Transcorrido este prazo sen que se comunique a dita aceptación, de non xustificarse suficientemente a concorrencia de circunstancias excepcionais que impidan facelo, a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza poderá anular a resolución.

Artigo 8º.-Contratación.

A tramitación e contratación das obras ou equipamentos será realizada polas entidades locais conforme a normativa de aplicación no ámbito local e, especificamente, a que rexe as contratacións das administracións públicas, sendo os entes locais contratantes os responsables directos das consecuencias que dos incumprimentos se puidesen derivar.

Artigo 9º.-Libramento de fondos.

Os beneficiarios das subvencións, unha vez aceptadas estas, quedarán obrigados a destinar os fondos percibidos co obxecto concreto para o que foron concedidos. A Dirección Xeral de Administración Local da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza poderá comprobar, cando o considere conveniente, a execución dos proxectos subvencionados.

Artigo 10º.-Xustificación.

1. A xustificación poderá levarse a cabo de dous modos, segundo o tipo de tramitación polo que se opte, ordinario ou telemático:

1.1. Procedemento ordinario:

Os beneficiarios da subvención presentarán facturas ou certificacións de obra orixinais ou fotocopia compulsada, aprobadas pola corporación, por tripli-

cado na Dirección Xeral de Administración Local antes do 15 de outubro de 2006, inescusablemente, acompañada da correspondente certificación relativa ao acordo de aprobación pola corporación, expedida polo secretario dela, tamén por triplicado. A Dirección Xeral de Administración Local, de atopar conformes as facturas, proporá o libramento de fondos; que en ningún caso superará o 80% do importe dos xustificantes presentados.

No caso de presentar certificación de obra deberán facelo no modelo oficial que figura como anexo II desta orde, xunto á relación valorada, asinada polo técnico corporativo, todo iso por triplicado.

Achegárase certificación do órgano que teña atribuídas as facultades de control do cumprimento da finalidade para a que foi concedida e da aplicación dos fondos destinados para tal efecto.

Así mesmo, no momento da xustificación da execución total do proxecto e, en calquera caso, antes do derradeiro pagamento, o peticionario presentará unha declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para o mesmo proxecto, das distintas administracións públicas competentes ou das súas entidades vinculadas ou dependentes (Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia).

1.2. Procedemento telemático:

As xustificacións poderán ser remitidas, no mesmo prazo que o estipulado para a tramitación ordinaria, por vía telemática a través do Portal dos Concellos Eido Local, mediante certificación do secretario-interventor ou do secretario e interventor, na que se acredite, para o caso de obras, aprobación da certificación da obra ou factura, e os datos referidos a esta, indicando a entidade emisora, data de emisión, número de factura ou certificación de obra, obxecto e importe, e para o caso de equipamento, aprobación da certificación da factura e os datos referidos a esta, indicando a entidade emisora, data de emisión, número de factura, obxecto e importe.

Achegárase certificación do órgano que teña atribuídas as facultades de control do cumprimento da finalidade para a que foi concedida, e da aplicación dos fondos destinados para tal efecto.

Así mesmo, o peticionario presentará unha declaración complementaria do conxunto de axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas, como as pendentes de resolución, para un mesmo proxecto, das distintas administracións públicas competentes ou das entidades vinculadas ou dependentes, segundo modelo normalizado dispoñible no Portal dos Concellos Eido Local.

2. O beneficiario ten a obriga de facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das

súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.

3. As cantidades que resultasen sobrantes por causa de renuncia ou non presentación das xustificacións correspondentes por parte das entidades locais beneficiarias poderán dedicarse a subvencionar a outras entidades locais que presentaron solicitude de subvención ao abeiro da presente orde.

4. Transcorrido o prazo establecido no parágrafo 1º sen ter presentadas as correspondentes xustificacións poderase entender que a entidade local renuncia á subvención, podendo esta consellería utilizar o dito crédito en beneficio doutros posibles beneficiarios.

Artigo 11º.-Modificación das resolucións de concesión.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da axuda ou, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión, tal e como se establece no Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 12º.-Control.

No caso de que o beneficiario da axuda incumprise algunha das condicións ou obrigas estipuladas, a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza anulará os beneficios concedidos e, conforme o disposto no artigo 78.5º do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, solicitará a devolución das cantidades percibidas, se as houbese, xunto cos xuros de demora debidos por estes, segundo o procedemento que establece o Decreto 287/2000, do 21 de novembro; e se procede, instruír o correspondente expediente sancionador, conforme o previsto no citado decreto.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Facúltase a directora xeral de Administración Local para ditar, no ámbito das súas competencias, as resolucións precisas para o desenvolvemento desta orde.

Segunda.-En todo o non previsto nesta orde, rexerá o disposto no Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia.

Terceira.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 14 de febreiro de 2006

José Luis Méndez Romeu
Conselleiro de Presidencia, Administracións
Públicas e Xustiza

ANEXO I



XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
 ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E
 XUSTIZA

PROCEDEMENTO <i>SUBVENCIÓNS PARA OBRAS E EQUIPAMENTOS LOCAIS</i>	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO <i>PR480D</i>	DOCUMENTO <i>SOLICITUDE</i>
---	---	--------------------------------

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE

DON/DONA	PRESIDENTE / REPRESENTANTE DA ENTIDADE LOCAL	
ENDEREZO		
TELÉFONO	Nº IDENTIFICACIÓN FISCAL DA ENTIDADE	PROVINCIA

DATOS DA CONTA BANCARIA

ORDINAL BANCARIO	CÓDIGO DO BANCO	CÓDIGO SUCURSAL	CÓDIGO CONTA CORRENTE
------------------	-----------------	-----------------	-----------------------

DATOS DA SOLICITUDE

DATA DA ASEMBLEA NA QUE SE ADOPTOU O ACORDO DE SOLICITUDE	CANTIDADE SOLICITADA (80% DO TOTAL)
ORZAMENTO TOTAL DA OBRA OU EQUIPAMENTO QUE SE VAI REALIZAR	
BREVE DESCRICIÓN DA OBRA OU EQUIPAMENTO QUE SE VAI REALIZAR	

DECLARO que a entidade que represento reúne todos os requisitos da convocatoria.

ACEPTO o compromiso de sometemento ás normas da convocatoria e de facilitar a información e documentación que se solicita.

XUNTO a documentación exixida na convocatoria.

LEXISLACIÓN APLICABLE <i>Orde do 14 de febreiro de 2006 pola que se anuncian axudas económicas destinadas a subvencionar a realización de obras e equipamentos por parte das entidades locais de Galicia.</i>
SINATURA DO SOLICITANTE _____, de _____ de 2006

(Para cubrir pola Administración)		NÚMERO DE EXPEDIENTE
RECIBIDO		DATA DE ENTRADA ____/____/____
REVISADO E CONFORME		DATA DE EFECTOS ____/____/____
		DATA DE SAÍDA ____/____/____

ANEXO II

ORDE			
ENTIDADE LOCAL	OBRA	ACORDO DE ADXUDICACIÓN	
ADXUDICATARIO			NIF
PRAZO DE EXECUCIÓN (EN MESES)	IMPORTE PROXECTO	IMPORTE ADXUDICACIÓN	BAIXA %

IMPORTE FINANCIAMENTO	<i>XUNTA</i>	<i>CONCELLO</i>	<i>OUTROS</i>	<i>TOTAIS</i>

Certificación nº _____ data da certificación _____
 D.IDº _____
 Director da obra de referencia _____
CERTIFICO:
 Que as obras realizadas polo contratista adxudicatario e que se xustifican na correspondente relación valorada importan a cantidade líquida de _____ € .

<i>LÍQUIDO QUE SE CERTIFICA</i>	<i>LÍQUIDO ABOADO ANTERIORMENTE</i>	<i>PENDENTE</i>

_____, de _____ de _____ .
O/A DIRECTOR/A DA OBRA
 Asdo.:

ANEXO III

DECLARACIÓN DOUTRAS AXUDAS

Don/Dona _____, alcalde/sa presidente/a da entidade local de _____, solicitante da axuda da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, para a realización de obras e equipamentos por parte da entidade local; e en relación a outras axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para un mesmo proxecto, das distintas administracións públicas competentes ou das súas entidades vinculadas ou dependentes.

Denominación do proxecto: _____

DECLARO, BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE:

Axudas concedidas:

Non se me concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto.
 Si se me concedeu axuda para este mesmo proxecto.

Tipo de axuda _____ Data da resolución ____/____/____

Axudas solicitadas:

Non solicitei ningunha outra axuda para este mesmo proxecto.
 Si solicitei axuda para este mesmo proxecto.

Tipo de axuda _____ Data da solicitude ____/____/____

Lugar e data:
 _____, de _____ de _____

Sinatura e selo

CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES

Decreto 29/2006, do 16 de febreiro, polo que se suspende a vixencia das normas subsidiarias de planeamento municipal de Sada e se aproba a ordenación urbanística provisional ata a entrada en vigor do novo planeamento.

1. No termo municipal de Sada o instrumento de planeamento urbanístico actualmente vixente son as normas subsidiarias de planeamento municipal, aprobadas definitivamente polo Pleno da Corporación en sesión do 10 de xaneiro de 1997, que son consecuencia da revisión das anteriores normas subsidiarias de planeamento municipal aprobadas definitivamente pola Comisión Provincial de Urbanismo da Coruña no 21 de febreiro de 1989.

As vixentes normas subsidiarias de planeamento foron elaboradas segundo o establecido na Lei 11/1985, do 22 de agosto, de adaptación da do solo a Galicia, e aprobadas definitivamente polo Concello de Sada en réxime de competencia delegada ao abeiro da Lei 7/1995, do 29 de xuño, de delegación e distribución de competencias en materia de urbanismo, sendo o titular da competencia a comunidade autónoma segundo o disposto no artigo 27.3º do Estatuto de autonomía de Galicia e a lexislación urbanística autonómica. En exercicio das súas competencias, a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, emitiu os informes preceptivos no do 29 de novembro de 1995, antes da aprobación inicial, e nas datas 31 de xullo e 20 de novembro de 1996, antes da aprobación definitiva.

A aprobación definitiva foi publicada no BOP número 26, do 1 de febreiro de 1997, xunto cos tomos de normas urbanísticas I e II, o «catálogo complementario de bens culturais, naturais e paisaxísticos suxeitos a protección» e o «estudo do sistema de núcleos», omitíndose, no entanto, a publicación do tomo correspondente ás normas reguladoras de usos e tramitación.

Segundo consta na certificación do acordo de aprobación definitiva a documentación que integra a «Revisión das normas subsidiarias de planeamento municipal» consta de memoria, estudo do medio rural, proceso de participación pública, anexo de correccións (elaborado para dar cumprimento ao informe autonómico do 31 de xullo de 1996), normas urbanísticas tomos I e II, normas de uso e tramitación e documentación gráfica.

No texto normativo publicado sinálase expresamente que a aprobación definitiva foi acordada de conformidade co informe favorable da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, o que implica que deben entenderse aprobadas coas condicións derivadas dos informes autonómicos.

As normas subsidiarias de 1997 foron obxecto de posteriores modificacións tramitadas polo Concello

de Sada. Non obstante, non se den cumprimento á condición establecida para a súa entrada en vigor, segundo o disposto no artigo 48 da Lei 1/1997, do solo de Galicia, e o artigo 8 d) da Lei 7/1995, de delegación e distribución de competencias en materia de urbanismo, entón vixentes.

2. As normas subsidiarias de planeamento de 1997 manteñen o modelo de asentamento da poboación das anteriores normas subsidiarias de planeamento de 1989, que se estrutura nun único núcleo urbano constituído pola vila de Sada-Fontán (con 2.811 vivendas) e 52 núcleos rurais con 2.209 vivendas e unha media de 42 vivendas por núcleo.

Dentro da delimitación do solo urbano de Sada-Fontán incluíronse os tecidos históricos de ambos os dous núcleos, os terreos comprendidos entre ambos, os núcleos rurais de Riovao, Pazos e Sada de Arriba e outros terreos próximos. No entanto, na clasificación de solo urbano foron incluídos ámbitos que non reúnen os requisitos legalmente establecidos no artigo 10 do texto refundido da Lei sobre réxime do solo e ordenación urbana de 1992, entón vixente, nin no artigo 11 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, que non están integrados na trama urbana existente, non dispoñen dos servizos urbanísticos adecuados para servir á edificación existente e á permitida polo planeamento ou, dispoñendo dalgún deles, nin están comprendidos en áreas ocupadas pola edificación, como mínimo nas dúas terceiras partes dos espazos aptos para ela, segundo a ordenación establecida nas normas subsidiarias; este é o caso dos terreos situados ao noroeste de Fontán, respecto dos cales nos informes autonómicos do 31 de xullo e 20 de novembro de 1996 xa se sinalaba a improcedencia da súa clasificación, así como aqueles ámbitos que as anteriores normas subsidiarias de 1989 clasificaban como solo apto para urbanizar e foron reclasificados en urbanos sen a previa transformación urbanística mediante a aprobación e execución do preceptivo plan parcial.

Asemade, as vixentes normas subsidiarias non distinguen entre o solo urbano consolidado e o non consolidado e unha parte significativa dos terreos que se clasificaron como solo urbano non reúnen as condicións establecidas no artigo 12 a) da Lei 9/2002; no réxime do solo urbano non consolidado deben incluírse non só os ámbitos das unidades de execución delimitadas, senón tamén os terreos en que son necesarias obras de urbanización ou actuacións de reforma interior ou renovación urbana, ou obtención de novas dotacións urbanísticas ou xusta distribución de cargas e beneficios entre os propietarios, os ámbitos sobre os cales o planeamento urbanístico ten prevista unha ordenación substancialmente diferente da realmente preexistente e os ámbitos en que a ordenación detallada se realice mediante plan especial de reforma interior ou mediante estudo de detalle.